


# TROULA SEGURA

PROTOCOLO PARA  
A ABORDAXE DAS  
VIOLENCIAS SEXUAIS  
E LGTBIFÓBICAS EN  
ESPAZOS DE OCIO  
NOCTURNO  
DO CONCELLO  
DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA



CONCELLO DE  
SANTIAGO

Código seguro de verificación :14613077216170753447 Registro  
Poda verificar a autenticidade deste documento en sede.santiagodecompostela.gal



# ÍNDICE

<b>1 •</b>	<b>INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>4</b>
<b>2 •</b>	<b>CONTEXTO .....</b>	<b>6</b>
<b>3 •</b>	<b>MARCO NORMATIVO E CONCEPTUAL .....</b>	<b>10</b>
<b>4 •</b>	<b>OBXECTIVOS .....</b>	<b>14</b>
<b>5 •</b>	<b>PUNTO DE PARTIDA .....</b>	<b>16</b>
<b>6 •</b>	<b>PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN .....</b>	<b>18</b>
<b>7 •</b>	<b>MEDIDAS DE PREVENCIÓN E ACCIONES DE SENSIBILIZACIÓN .....</b>	<b>20</b>
<b>8 •</b>	<b>CIRCUÍTO BÁSICO DE ACTUACIÓN ANTE UNHA SITUACIÓN DE VIOLENCIA SEXUAL E/OU LGTBIFÓBICA .....</b>	<b>23</b>
<b>9 •</b>	<b>MAPA DE RECURSOS E SERVICIOS DE ATENCIÓN ESPECIALIZADOS .....</b>	<b>38</b>
<b>10 •</b>	<b>COMPROMISOS A ASUMIR .....</b>	<b>40</b>
<b>11 •</b>	<b>PROCEDEMENTO DE ADHESIÓN .....</b>	<b>43</b>
<b>12 •</b>	<b>SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN .....</b>	<b>45</b>
<b>13 •</b>	<b>ANEXOS .....</b>	<b>47</b>



# INTRODUCCIÓN

Nunha sociedade de natureza patriarcal como a nosa, as violencias machistas son froito da aprendizaxe sociocultural. De aí que, aínda dos esforzos e avances na súa erradicación para promover espazos e relacións libres de violencias e discriminacións, as violencias sexuais, nas súas diversas expresións, seguen sendo unha das formas máis habituais e preocupantes, especialmente en contextos de ocio nocturno.

Outra forma de violencia machista que continúa estando presente e normalizada nestes espazos, son as violencias LGTBíficas. Estas dan lugar a diversos tipos de discriminación e violencia por razón de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero. E, de igual forma que noutros ámbitos e espazos de socialización, estas formas de violencia habitualmente son minimizadas, cando non silenciadas, especialmente aquelas máis sutís e invisibles que, polo tanto, nos resultan máis difíciles de identificar.

O presente **Protocolo para a Abordaxe das Violencias Sexuais e LGTBíficas nos Espazos de Ocio Nocturno do Concello de Santiago de Compostela**, impulsado a través do Centro de Información ás Mulleres de Santiago de Compostela (CIM), xorde como resposta á demanda dun dos principais axentes de ocio nocturno: as asociacións profesionais de hostalería da cidade. Estas, conscientes da importancia de dotar o persoal traballador e responsable destes espazos dunha ferramenta de apoio e de articular unha estratexia coordinada e intersectorial, participaron activamente no seu deseño. Ao igual que outras entidades do Terceiro Sector e institucións con responsabilidade na atención ás persoas afectadas por estas violencias machistas.

Con esta ferramenta búscase que os espazos de ocio nocturno sexan axentes activos e comprometidos, con capacidade para actuar e xerar cambios a prol da erradicación destas formas de

violencia machista. Así mesmo, tamén se procura o fomento dunha cultura de “tolerancia cero” para garantir, no contexto de ocio nocturno, o disfrute de toda a cidadanía dende a liberdade, a igualdade e a seguridade. Para isto, este Protocolo **artellouse da man dun amplo proceso participativo**.

Neste Protocolo referirémonos tamén ás **violencias sexuais e LGTBíficas en plural**. Con isto, contribuímos a darlle visibilidade á diversidade de actos que atentan contra a liberdade e a vida sexual das persoas que os confrontan, as vítimas. As persoas vítimas neste contexto son, en maior medida, as **mulleres** e as persoas que forman parte do colectivo **LGTBIQA+**, pero tamén, aquelas que son percibidas como tal. En relación a isto, aínda da controversia existente sobre o uso da expresión “víctima”, principalmente pola carga negativa e desapoderante que se lle confire a nivel social, consideramos que a través do seu uso recoñécese implicitamente o dano causado inxustamente a unha persoa, e sitúase a responsabilidade onde corresponde: na persoa que exerce a violencia. De acordo con isto, un dos principios nos que se apoia a actuación dos axentes de ocio nocturno no marco deste Protocolo é o respecto á capacidade das persoas vítimas de tomar as súas propias decisións. De igual modo, na teima de humanizalas, falamos de persoas vítimas, e non de vítimas.

Así mesmo, asumindo que a orixe das violencias sexuais e LGTBíficas parte dunha causa común: o sistema machista, patriarcal e heteronormativo que caracteriza a nosa sociedade; a abordaxe e actuación fronte a estas formas de violencias machistas realizarase baixo o prisma dunha **perspectiva integradora**. E, por suposto, poñendo por diante os principios de liberdade, seguridade, convivencia e respecto dos dereitos de todas as persoas.



**CONTEXTO**

## NO MARCO DESTE PROTOCOLO, A QUE NOS REFERIMOS CANDO FALAMOS DE OCIO NOCTURNO?

O ocio nocturno abrangue diferentes dimensións, **dende a social e económica ata a que transforma o espazo público**. A primeira delas, a dimensión social, ten que ver coa variedade de actividades recreativas que se integran nas prácticas cotiás e nas relacións sociais no tempo de ocio dunha gran parte da poboación, especialmente da mocidade. No caso concreto de Santiago de Compostela, segundo as asociacións de hostalería, estímase que cada “noite de festa” gozan do ocio nocturno da cidade entre 3.000 e 5.000 persoas, cifras que aumentan **notablemente durante as festas de verán e ao inicio do curso universitario**.

Este matiz vén a sinalar unha das particularidades do modelo de ocio nocturno compostelá: **a elevada estacionalidade do sector e o tipo de público** que se pode atopar en determinadas épocas do ano. Así mesmo, a oferta de ocio nocturno caracterízase pola presenza de numerosos locais, principalmente bares e pubs —concentrados maioritariamente no casco histórico da cidade—, que en xeral posúen pequenas dimensións. De aí, que non todos os locais contan con persoal específico de control de accesos, nin persoal para a vixilancia de seguridade.

Por outra banda, o ocio nocturno transforma os espazos públicos, especialmente a través dos usos que se lle dan ao realizar eventos neste contexto festivo e de nocturnidade. Pero a súa importancia vai máis aló, dado que constitúe unha peza importante do motor económico que supón o turismo para a cidade, o cal xera un elevado número de postos de traballo no sector da hostalería.

Agora ben, no marco deste Protocolo, cando falamos de **ocio nocturno** referímonos a **todos aqueles espazos, tanto públicos como privados, nos que se desenvolven actividades recreativas e de lecer abertas ao público xeral, independentemente de que requiran ou non pagar polo acceso**. Espazos que se caracterizan por un ambiente de festividade, espaxamento e desinhibición, así como polo consumo de bebidas, polo xeral alcohólicas, e outras substancias, que funcionan como desinhibidores da norma social.

Así mesmo, con **axentes de ocio nocturno** referímonos a aquelas persoas que traballan nos distintos espazos vencellados ao ocio nocturno do Concello de Santiago de Compostela, sendo entendidas cada unha delas, no contexto deste Protocolo, como axentes activos e comprometidos, con capacidade para actuar e xerar cambios a prol da erradicación das violencias sexuais e LGTBfóbicas.

Aínda que o ocio nocturno da cidade se considera tranquilo, seguro e non masificado, como vimos dicindo, tamén é produto da socialización patriarcal. E, como en calquera outro espazo no que se xeran relacións humanas, **tamén se producen desigualdades e situacións de violencias sexuais e LGTBfóbicas**. Agora ben, é innegable que neste contexto existe unha especial tolerancia e permisividade a estas violencias, que adoitan xustificarse pola influencia do consumo do alcohol e/ou outras substancias. Pero estas, ao igual que o resto de violencias machistas, están presentes na estrutura da nosa sociedade. Exprésanse acotío e de maneira continua como **manifestacións do machismo** e son exercidas como **ferramenta de poder, control, e abuso** sobre as mulleres e as persoas que forman parte do colectivo LGTBQA+. No caso das mulleres, sitúaaas como corpos ao servizo do dominio e pracer dos homes, o que ten como resultado que se mantéña unha **cultura do medo** entre as mulleres no espazo público (medo a ser agredida sexualmente, medo a que boten algunha substancia na bebida, medo a ser acosada e perseguida pola rúa...). En definitiva, un terror sexual que limita que gocen e fagan un uso igualitario dos espazos de ocio nocturno. Pero máis aló disto, da presenza de formas de intimidación e dominación que limitan o seu movemento e autonomía no espazo público, tamén se producen outras violencias que se expresan de forma máis indirecta e simbólica.

## POR QUE ESTAMOS A DICIR ISTO?

Moitas formas das violencias sexuais non son identificadas como tal. Socialmente está moi estendida a idea de que só hai violencia sexual cando se fai uso da intimidación ou da forza física, cando se producen violencias que constitúen delito. Esta falsa crenza contribúe a invisibilizar outras formas que se producen en gran medida, pero tamén, a que socialmente se manteña a **percepción dunha baixa incidencia das violencias sexuais nos espazos de ocio nocturno**. Á marxe de que poidan ser delito ou non, todas as formas de violencias sexuais afectan ao benestar físico e emocional das persoas que as sofren.

## PERO, REALMENTE HAI UNHA BAIXA INCIDENCIA DAS VIOLENCIAS SEXUAIS E LGTBIFÓBICAS NOS ESPAZOS DE OCIO NOCTURNO?

Segundo se extrae dos datos da diagnose inicial que se realizou como paso previo ao deseño deste Protocolo, **a maioría** das persoas que participaron nunha enquisa realizada a pé de rúa polas zonas de ocio nocturno da cidade, **afirmaron ter sido vítimas ou testemuñas de situacións de violencia sexual e/ou LGTBifóbica** en espazos de ocio nocturno do municipio.

Os “piropos e asubíos” ou as “miradas continuas e molestas” **foron as formas de violencia máis sinaladas**. Estas formas, aparentemente sutís, cando son normalizadas adoitan pasar desapercibidas, polo que son máis difíciles de identificar.

Pero ademais destas, tamén se sinalaron outras actitudes e comportamentos que constitúen violencias sexuais e/ou LGTBifóbicas, tales como: comentarios non desexados sobre o aspecto físico ou o corpo, achegamentos excesivos, tocamentos non consentidos ou contacto físico supostamente accidental etc.

Lonxe de pensar que se trata de situacións illadas, comprobamos que a maioría das persoas que participaron consideran que **este tipo de actitudes e comportamentos están moi presentes** nos espazos de ocio nocturno do municipio.



## A PÉ DE RÚA...

**71,62%** sufriu ou foi testemuña dalgún tipo de violencia sexual no ocio nocturno do municipio.

**54%** Sufriu ou foi testemuña dalgún tipo de violencia LGTBifóbica no ocio nocturno do municipio.

**82,4%** Recibiu comentarios non desexados, sobre o aspecto físico ou o corpo.

**82,4%** Recibiu comentarios non desexados, sobre o aspecto físico ou o corpo.

**74,3%** Viviu insistencia ou presión ante unha ou máis negativas a proposicións sexuais ou nunha situación de suposto “flirteo”.

**52,7%** Sufriu insultos, intimidacións e outras formas de acoso verbal por orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.

**66%** Pensa que estas actitudes e comportamentos reprodutores da violencia sexual e/ou LGTBifóbica están moi ou bastante estendidos nos espazos de ocio nocturno.

Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do cuestionario “a pé de rúa” realizado durante a diagnose inicial.



## **SOBRE QUE ESPAZOS DE OCIO NOCTURNO SE APLICA ESTE PROTOCOLO?**

Se ben o concepto de ocio nocturno pode resultar moi amplo, o ámbito de aplicación deste Protocolo abrangue tres tipos de espazos.

Por unha banda, **os establecementos de ocio nocturno de titularidade privada abertos ao público**, en que se celebran actividades recreativas e en que se ofrecen ás persoas usuarias produtos ou servizos con fins de recreo, entretemento ou ocio, como son: **os bares, pubs, discotecas, salas de concertos, bares musicais etc.**

Por outra banda, **aqueles eventos que aglutinan todo tipo de espectáculos e actividades recreativas abertas ao público**, con independencia da titularidade pública ou privada de quen os organice, da súa finalidade lucrativa ou non lucrativa, e do seu carácter esporádico ou habitual, tales como: **festas populares, concertos, festivais, espectáculos públicos nocturnos etc.**

En terceiro lugar, **o sector profesional do taxi**; servizo que desenvolve parte da súa actividade en horario nocturno e dende o que tamén se pode contribuír na abordaxe das violencias sexuais e LGTBfóbicas que se producen en espazos públicos da cidade.

Con todo, terán cabida no ámbito de aplicación deste Protocolo todos aqueles **espazos de ocio nocturno do concello de Santiago de Compostela que asuman o compromiso de previr, detectar e actuar ante as situacións de violencia sexual e/ou LGTBfóbica**, formalizando este compromiso a través dun procedemento de adhesión ao presente Protocolo.



# MARCO NORMATIVO E CONCEPTUAL

As violencias sexuais e LGTBfóbicas son **actos que atentan contra a liberdade das persoas** e, por este motivo, constitúen unha violación dos dereitos humanos. Nos últimos anos, a nivel estatal producíronse **avances lexislativos moi significativos en materia de erradicación das violencias machistas**, especialmente as violencias sexuais e LGTBfóbicas.

Neste Protocolo **contémplanse as formas de violencia sexual e LGTBfóbica que son constitutivas de delito, así como aquelas que, sen selo, supoñen intromisións ilexítimas na indemnidade e liberdade sexual das persoas**. Con isto, apelamos á necesidade de visibilizar tamén aquelas violencias que, polo feito de non seren delituosas, suceden con frecuencia, están naturalizadas, pasan máis desapercibidas, e son máis difíciles de identificar. Polo tanto, son “asumidas” por moitas mulleres e persoas do colectivo LGTBQIA+ neste contexto.

Así, máis alá da consideración de se son ou non delito, entendemos que a responsabilidade que se asume ao adherirse a este Protocolo é **considerar, todas elas, como un ataque á liberdade e dignidade das mulleres e das persoas que forman parte do colectivo LGTBQIA+**. Con isto, búscase promover unha postura de rexeitamento e visibilizar aquelas violencias que están máis ocultas, co fin de que todas as persoas poidamos vivir e desfrutar con dignidade do ocio nocturno, dende a igualdade, a liberdade e a seguridade.

## QUE SON AS VIOLENCIAS SEXUAIS?

Segundo a **Lei Orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de Garantía Integral da Liberdade Sexual**, as **violencias sexuais** son “os actos de natureza sexual non consentidos ou que condicionan o libre desenvolvemento da vida sexual en calquera ámbito público ou privado”.

### — AGRESIÓN SEXUAL

Na **LO 10/2022** defínese a **agresión sexual** como “calquera acto que atente contra a liberdade sexual doutra persoa sen o seu consentimento”, onde os **delitos de agresión sexual** son definidos como “os actos de natureza sexual que se realicen empregando violencia, intimidación ou abuso dunha situación de superioridade ou de vulnerabilidade da vítima, así como os que se executen sobre persoas que se atopen privadas de sentido ou de cuxa situación mental se abusara, e os que se realicen cando a vítima teña anulada, por calquera causa, a súa vontade”.

Así mesmo, a **violación** é definida como unha “forma de agresión sexual que consiste no acceso carnal por vía vaginal,

anal ou bucal, ou introdución de membros corporais ou obxectos por algunha das dúas primeiras vías”. Por unha banda, cando ese acto de violencia sexual é cometido por máis dunha persoa agresora recibe o nome de **violación grupal**. Por outra banda, cando a violación é cometida en repetidas ocasións recibe o nome de **violación múltiple**. Dende este punto de vista, **unha violación grupal é unha violación múltiple, pero non todas as violacións múltiples son necesariamente grupais**.

A este respecto, na **Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal** considéranse legalmente **agravantes** o feito de que a agresión sexual sexa cometida de forma conxunta por máis dunha persoa agresora; o exercicio dunha violencia de extrema gravidade ou que os actos cometidos posúan un carácter especialmente degradante ou vexatorio; ou se a persoa agredida está nunha situación de vulnerabilidade (por exemplo, ao atoparse baixo os efectos de substancias alteradoras da conciencia).

En relación a isto último, na **LO 10/2022** defínese a **submisión química** como “o uso de substancias ou psicofármacos que anulan a vontade da persoa agredida”. A submisión pódese dar de forma **proactiva** (a persoa agresora intoxica a persoa vítima de forma premeditada) ou **oportunista** (a persoa agresora aproveita a diminución da capacidade de reacción da persoa vítima por un consumo voluntario). Cómpre destacar que, nestes casos, a persoa vítima atópase nunha situación de **incapacidade para expresar un consentimento válido**, posto que a súa vontade foi anulada.

No marco deste Protocolo tamén se contempla como un acto de submisión química **o feito de incitar ao consumo de alcohol ou outras drogas, co propósito de anular a vontade da persoa vítima**.

### — ACOSO SEXUAL

Na **Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes**, o **acoso sexual** é definido como “calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un entorno intimidatorio, degradante ou ofensivo”.

Pola súa parte, na **LO 10/2022** tamén se fai mención ao **acoso sexual na rúa**, sendo entendido no marco deste Protocolo como calquera práctica de connotación sexual exercida por unha ou varias persoas descoñecidas, en espazos públicos ou semi-públicos, que provocan na persoa que os sofre unha situación intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva.

## — EXHIBICIONISMO

Por último, no **Código Penal** tamén se contempla o **exhibicionismo** como un delito cando se exerce **ante menores de idade ou persoas con discapacidade** necesitadas de especial protección. No marco deste Protocolo, contemplamos o exhibicionismo como todo acto de exhibición obscena e de carácter sexual executado fronte a unha persoa. Referímonos con isto ao feito de amosar os órganos sexuais a outra persoa coa finalidade da propia satisfacción sexual ou á realización de prácticas masturbatorias diante doutra persoa, **sempre que sexa sen o seu consentimento**.

## E QUE SON AS VIOLENCIAS LGTBIFÓBICAS?

Segundo a **Lei Orgánica 4/2023, de 28 de febreiro, para a Igualdade Real e Efectiva das Persoas Trans e para a Garantía dos Dereitos das Persoas LGTBI**, a **LGTBifobia** é *“toda actitude, conduta ou discurso de rexeitamento, repudio, prexuízo, discriminación, odio ou intolerancia cara ás persoas LGTBIA+ polo feito de selo, ou ser percibidas como tales”*.

Cómpre destacar que a **LGTBifobia queda amparada baixo o Artigo 510 do Código Penal como un delito de odio**, sendo este entendido como *“o fomento, a promoción ou a incitación directa ou indirecta ao odio, hostilidade, discriminación, menosprezo, descrédito ou violencia contra un grupo, unha parte deste ou contra unha persoa determinada por razón -ou crenza- da súa pertenza a dito grupo”*. Entre as razóns que deben motivar tales actos para seren considerados delitos de odio atópase a identidade e a expresión de xénero, e a orientación sexual.

Así mesmo, na **LO 4/2023 enténdese por homofobia, lesbofobia, bifobia e transfobia, e discriminación das persoas LGTBI de forma directa e indirecta**, *“toda distinción, exclusión ou restrición baseada en motivos de orientación e identidade sexual ou expresión de xénero que teña por obxecto ou por resultado anular ou menoscabar o recoñecemento, goce ou exercicio, en condicións de igualdade, dos dereitos humanos e liberdades fundamentais ou atentar contra a súa dignidade ou a súa integridade física ou psíquica, ou de crearlle un contorno intimidatorio, hostil, degradante, humillante, ofensivo ou molesto nas esferas política, económica, social, cultural ou en calquera outra esfera da vida pública”*.

Por último, é preciso mencionar a **violación correctiva**, sendo entendida no marco deste Protocolo como un delito de odio que se produce cando persoas homosexuais son violadas co suposto fin de “corrixir” a súa orientación sexual, identidade ou expresión de xénero, coa intención de devolver a persoa vítima ao encadre heteronormativo imperante.

Cómpre destacar que a **Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de Protección da Seguridade Cidadá**, contempla como **infracción leve** a incitación ou realización de actos que atenten contra a indemnidade e liberdade sexual. Por esta razón, aquelas condutas que non cumpran os requisitos para ser tipificadas como delito, poden **ser perseguidas pola vía administrativa**.

## QUE ACONTECE COAS PERSOAS MENORES DE IDADE?

Cando se trata de persoas menores de idade, respondendo á **Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de Protección Integral á Infancia e á Adolescencia**, na nosa actuación **debe primar o interese superior da persoa menor de idade**. Isto significa que todas as decisións que se tomen en relación a ela deben ir orientadas ao seu benestar e pleno exercicio de dereitos.

Debemos cumprir coa **obriga de garantir a protección das persoas menores de idade contra todo tipo de violencias** (incluídas as violencias sexuais e LGTBifóbicas), ademais de interpor todas as medidas de protección e de apoio necesarias, así como adecuar os servizos de atención ás súas características e necesidades, respectando sempre a súa autonomía.

Así mesmo, cando se detecte unha situación de risco ou posible desamparo dunha persoa menor de idade, tal e como se recolle na **LO 8/2001**, **a nosa obriga é prestarlle auxilio inmediato e comunicar os feitos ás autoridades correspondentes**.

## ENTÓN... CALES SON AS VIOLENCIAS SEXUAIS E LGTBIFÓBICAS TIPIFICADAS PENALMENTE?

- ▶ **Agresións sexuais (con ou sen agravantes)**, que impliquen calquera acto que atente contra a liberdade sexual doutra persoa sen o seu consentimento. Só se entende que hai consentimento cando este é manifestado libremente e expresado de forma clara.

Máis especificamente, e en todo caso, considéranse agresión sexual aqueles actos con contido sexual nos que se obriga (empregando violencia, intimidación ou abuso dunha situación de superioridade ou vulnerabilidade da vítima) a participar de calquera tipo de práctica sexual non desexada nin consentida por parte da persoa que sofre a violencia.

A violencia sexual non xorde exclusivamente da violencia física, senón que pode ser desencadeada por algunha forma de violencia psicolóxica (presión, chantaxe, coacción, intimidación etc.) ou a partir dun caso de submisión química, entre outras.

- ▶ **Agresións físicas (empurróns, sacudidas, golpes etc.)** cara a unha persoa que forma parte do colectivo LGTBQA+, motivadas polo feito de pertencer a dito colectivo.
- ▶ **Agresións verbais (insultos, termos despectivos, burlas etc.)**, co fin de humillar, menospreciar ou desacreditar unha persoa que forma parte do colectivo LGTBQA+.

No referido ás violencias LGTBfóbicas tipificadas penalmente **debe ampliarse o espectro a aquelas violencias cometidas contra persoas que, sen formaren parte do colectivo LGTBQA+, son percibidas como tales.** Polo tanto, todo tipo de agresión cometida baixo este suposto terá a mesma consideración.

## E QUE OUTRAS FORMAS DE VIOLENCIA SEXUAL E LGTBIFÓBICA REXEITAMOS NO MARCO DESTA PROTOCOLO?

- ▶ **Miradas lascivas non desexadas, puntuais ou continuadas**, realizadas co obxectivo de sexualizar o corpo da outra persoa ou para burlarse dela. Estas miradas xeran incomodidade ao seren desagradables, cousificantes, constantes e non desexadas. O mesmo sucede no caso dos **ruidos (asubios, arquexos etc.) e xestos obscenos.**
- ▶ **Comentarios sexuais non desexados e machistas** que, con frecuencia, son normalizados (tal e como ocorre no caso dos “piropos”). En numerosas ocasións, trátase de valoracións sobre a aparencia física ou sobre o corpo doutra persoa, sen ser pedidas por ela.
- ▶ Actitudes e comportamentos relacionados coa **cousificación dos corpos das mulleres** e a súa hipersexualización.

- ▶ **Preguntas non desexadas sobre a vida sexual**, a continua explicación de preferencias sexuais, ou falar reiteradamente sobre as propias habilidades/capacidade sexuais sen que a outra o persoa o desexe.
- ▶ **Insistencia ante unha ou máis negativas a proposicións sexuais ou nunha situación de suposto “flirteo”**, que pode derivar nunha reacción agresiva ante o rexeitamento.
- ▶ **Invasión continuada do espazo vital** que, habitualmente, se manifesta a través da irrupción, de forma continuada e intencionada, xerando incomodidade na persoa que a sofre.
- ▶ **Seguimento obsceno e acurrallamentos** por parte dunha ou varias persoas, que impiden á persoa que os sofre moverse libremente polo espazo.
- ▶ **Achegamentos excesivos, tocamientos non desexados e contacto físico supostamente accidental**, sexan ou non puntuais.
- ▶ Toma de **fotografías e/ou gravacións de natureza sexual** non consentidas.
- ▶ **Actitudes intimidatorias e/ou discriminatorias**, de forma directa ou indirecta, por razón de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.
- ▶ **Calquera das actitudes anteriores cometidas contra persoas percibidas, de forma errónea, como parte do colectivo LGTBQA+**, persoas afíns ao colectivo ou vinculadas a algunha persoa que forma parte del, e que sexan motivadas por iso.

En relación ao exposto anteriormente, cómpre destacar que no marco deste Protocolo **enténdense as violencias sexuais e LGTBfóbicas como un continuum**, que vai dende a expresión daquelas violencias máis normalizadas, invisibilizadas e cotiás, ata aquelas máis explícitas e visibles como as agresións sexuais e/ou LGTBfóbicas.



## OBXECTIVOS

## CALES SON OS **OBXECTIVOS** A ACADAR NO MARCO DESTA PROTOCOLO?

- ▶ **Visibilizar e desnaturalizar as diferentes formas de violencias sexuais e LGTBfóbicas** que se poden identificar no contexto do ocio nocturno.
- ▶ Xerar unha **resposta institucional contundente** e dispoñer dun **marco de actuación coordinado e unificado** fronte as violencias sexuais e LGTBfóbicas nos espazos de ocio nocturno.
- ▶ Implicar todos os axentes, servizos e recursos na **corresponsabilidade da resposta ante as violencias machistas** e, máis concretamente, ante as violencias sexuais e LGTBfóbicas, ofrecendo unha atención integral e de calidade ás persoas que enfrontan esas violencias.
- ▶ Fomentar a **resposta cidadá** contra as violencias sexuais e LGTBfóbicas, potenciando unha **cultura de “tolerancia cero”** ante calquera agresión machista e discriminatoria nos espazos de ocio nocturno.
- ▶ Facilitar e promover a creación de espazos de ocio nocturno **seguros, libres e igualitarios**.
- ▶ Desenvolver **accións para previr a manifestación das violencias sexuais e LGTBfóbicas** nos espazos de ocio nocturno do municipio.



**PUNTO DE  
PARTIDA**



1	<b>ADHESIÓN AO PROTOCOLO</b> Calquera dos axentes do ocio nocturno definidos poderá facer unha solicitude de adhesión a través da que se compromete ao cumprimento e aplicación do Protocolo.
2	<b>FORMACIÓN DO PERSOAL TRABALLADOR</b> O persoal responsable e traballador destes espazos deberá realizar a acción formativa incluída no marco do Protocolo.
3	<b>DEFINICIÓN DE ROLES E RESPONSABILIDADES</b> En cada un destes espazos designarase unha persoa ou equipo responsable da aplicación do Protocolo.
4	<b>IMPLEMENTACIÓN DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN</b> Todo axente adherido comprometerase a implementar as medidas de prevención acordes ao seu espazo.
5	<b>ACTIVACIÓN DO CIRCUÍTO DE ACTUACIÓN</b> De producirse unha situación de violencia sexual ou LGTBIfóbica, a persoa ou equipo responsable comprométense a seguir as pautas definidas no Protocolo.
6	<b>REXISTRO, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN</b> Todos os feitos acontecidos no marco do Protocolo serán rexistrados para facilitar o seu seguimento e avaliación.



# PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

**Cando se detecte ou se teña coñecemento dunha situación de violencia sexual e/ou LGTBifóbica, a actuación rexerese, con carácter xeral, polos seguintes principios básicos:**

### **PROTECCIÓN E ATENCIÓN, CON CARÁCTER PRIORITARIO, Á PERSOA VÍTIMA**

A actuación prioritaria debe ser a protección e atención inmediata á persoa vítima, e non a persecución do delito ou da persoa que exerce a violencia.

**Apoia e acompaña a persoa vítima, procurando o seu benestar e a súa seguridade.** Así mesmo, mantén con ela unha actitude respectuosa e empática, de bo trato e de escoita activa.

### **RESPECTO Á CAPACIDADE DE DECISIÓN DA PERSOA VÍTIMA**

Isto implica que a persoa vítima desempeñe un papel activo na toma de decisións, respectando en todo momento a súa autonomía, os seus tempos e as súas necesidades.

Asegúrate de que reciba, **de forma comprensible, a información** que precise para que poida decidir.

### **ACTITUDE DE REXEITAMENTO FRONTE A PERSOA QUE EXERCE A VIOLENCIA**

Amosa unha actitude de rexeitamento, clara e contundente, cara a todas as formas de violencia sexual e LGTBifóbica, así como ante a persoa que exerce a violencia.

Á súa vez, evita calquera mostra de complicidade con ela e **non xustifiques nin minimices a súa conduta.**

### **RESPECTO Á INTIMIDADE E CONFIDENCIALIDADE**

Tanto no caso da persoa vítima, para salvagardar a súa identidade e evitar a re-vitimización, como no caso da persoa que exerce a violencia, para cumprir co principio lexislativo de presunción de inocencia e de protección de datos persoais.

No caso dos **establecementos e eventos**, na medida do posible, tamén é **importante asignar a unha ou varias persoas traballadoras a responsabilidade de prestar a primeira atención** á persoa vítima, así como de xestionar a situación.

De igual modo, é recomendable contar coa implicación do persoal de control de accesos e/ou do persoal de vixilancia e seguridade, cando así se dispoña destes perfís profesionais. E no caso dos **taxis**, a persoa responsable será principalmente o/a titular da licenza e a persoa condutora de cada quenda.

### **COORDINACIÓN E COLABORACIÓN**

Proporciona unha resposta inmediata e coordinada co resto de axentes implicados no circuíto de actuación.



# MEDIDAS DE PREVENCIÓN E ACCIONES DE SENSIBILIZACIÓN

No marco deste Protocolo, a **prevención** é entendida como o conxunto de medidas e accións encamiñadas a **evitar ou reducir a incidencia das violencias sexuais e LGTBfóbicas**, eliminando os posibles factores de risco presentes nos diferentes espazos de ocio nocturno.

Por outra banda, coa **sensibilización** referímonos ao conxunto de accións dirixidas a xerar cambios que permitan avanzar na erradicación das violencias sexuais e LGTBfóbicas. Nesta liña, recóllense unha serie de **accións coas que sensibilizar a cidadanía** e transmitir unha mensaxe de rexeitamento cara a todas as formas de violencias machistas nos espazos de ocio nocturno, situando o foco naquelas condutas máis normalizadas, así como na superación de mitos que aínda persisten na nosa sociedade.

## CON QUE FERRAMENTAS IMOS CONTAR?

As **medidas de prevención e accións de sensibilización** levadas a cabo no marco deste Protocolo son as seguintes:

- ▶ **Acción formativa específica para a abordaxe das violencias sexuais e LGTBfóbicas.**  
Dirixida ao conxunto do persoal traballador dos diferentes espazos de ocio nocturno.
- ▶ **Distintivos para visibilizar a adhesión do espazo ao Protocolo.**  
Amosan o compromiso do espazo na promoción da liberdade sexual e informan de que se dispoñe dun Protocolo para actuar ante situacións de violencia sexual e/ou LGTBfóbica.
- ▶ **Adhesivos para os baños.**  
Con información sobre as violencias sexuais e LGTBfóbicas, así como con indicacións para poñer en coñecemento do persoal traballador unha situación de violencia sexual e/ou LGTBfóbica.
- ▶ **Guía para a abordaxe das violencias sexuais e LGTBfóbicas nos espazos de ocio nocturno.**  
Para facilitar aos axentes de ocio nocturno adheridos a aplicación do Protocolo.
- ▶ **Díptico de recursos e servizos especializados dirixidos á abordaxe das violencias sexuais e LGTBfóbicas, con información en caso de sufrir ou presenciar algunha destas violencias.**  
Material divulgativo a disposición do público usuario do ocio nocturno.

## RECOMENDACIÓNS E OUTRAS FERRAMENTAS QUE PODEN CONTRIBUÍR A MELLORAR A EFICIENCIA DO PROTOCOLO E, EN CONSECUCENCIA, CREAR ESPAZOS LIBRES DE VIOLENCIAS SEXUAIS E LGTBIFÓBICAS:

- ▶ **Difundir o Protocolo entre as persoas usuarias do ocio nocturno e a cidadanía en xeral**, empregando, por exemplo, as páxinas web e redes sociais dos diferentes espazos de ocio nocturno; aplicando a imaxe do distintivo de adhesión na súa publicidade etc.
- ▶ **Non empregar criterios discriminatorios e sexistas**, á hora de:
  - Definir **prezos de acceso diferenciados** para homes e mulleres.
  - Establecer **códigos de vestimenta diferenciados** para homes e mulleres, tanto no caso do persoal traballador como no das persoas usuarias.
  - Aceptar a **arbitrariedade do persoal responsable do control de accesos** para permitir ou denegar a entrada segundo a imaxe persoal ou a aparencia física da persoa.  
(Por exemplo, denegar o acceso a alguén por levar simboloxía reivindicativa da loita feminista ou polos dereitos LGTBQA+ baixo o pretexto de que poden incitar a outras persoas a exercer violencias).
  - Difundir **imaxes promocionais do espazo**, ou dos produtos e servizos que ofrecen, que cousifican e sexualizan ás mulleres, ou que incitan ao odio e denigran as persoas que forman parte do colectivo LGTBQA+.
- ▶ Promocionar a **paridade de xénero** no equipo de traballo, así como na programación artística e/ou musical do espazo.
- ▶ Participar activamente nas **campañas de sensibilización promovidas dende o Concello** (ou dende outras Administracións) dirixidas á prevención e abordaxe das violencias machistas.
- ▶ Implantar **medidas de prevención situacional e de deseño ambiental**, identificando zonas de risco que poden favorecer a manifestación de violencias sexuais e LGTBfóbicas.

- Por exemplo, **zonas escuras, pouco transitadas ou que quedan ocultas á vista** (zonas “en sombra”), **ou zonas de maior aglomeración** de persoas (accesos e saídas do espazo, zonas de baile, zonas para adquirir bebidas e/ou comida etc.).
  - No caso do **acceso a eventos festivos en horario nocturno**, cómpre contar con procedementos específicos, como o acceso en zigzag ou habilitar varias entradas. No momento do **desaloxo**, a opción máis recomendable é habilitar varias saídas de forma estratéxica.
- ▶ Contar cun **elemento visible ao público** no que se recollan as normas referidas ao **Dereito de Admisión**. Neste, pode incluírse unha cláusula do tipo:
  - ▶ En eventos que aglutinan todo tipo de espectáculos e actividades recreativas abertas ao público en horario nocturno, instalar **Puntos Violetas**. Trátase dun recurso dirixido á sensibilización, difusión de información, asesoramento e atención profesional ante un caso de violencia machista (especialmente violencias sexuais e LGTBifóbicas) que se poidan dar durante o desenvolvemento do evento. Estes adoitan estar coordinados con todos os axentes implicados na organización e desenvolvemento do evento (dende o persoal de seguridade ata as persoas voluntarias).
  - ▶ **Visibilizar e sinalizar os puntos de atención específicos** (por exemplo, a localización dos Puntos Violetas, do persoal de seguridade etc.) para facilitar que tanto as persoas vítimas como as persoas testemuñas informen dunha situación de violencia sexual e/ou LGTBifóbica.
  - ▶ Aplicar o **VI Acordo Laboral, de ámbito estatal, para o sector da Hostalería**, no cal se recollen medidas específicas para previr o acoso sexual e o acoso por razón de sexo no traballo, así como o protocolo de actuación no ámbito das empresas de hostalería.

**“Este espazo de ocio nocturno está adherido ao Protocolo para a Abordaxe das Violencias Sexuais e LGTBifóbicas en Espazos de Ocio Nocturno do Concello de Santiago de Compostela, polo que nos reservamos o dereito de impedir o acceso ou expulsar calquera persoa que manifeste actitudes e/ou comportamentos que poidan constituír unha violencia sexual ou LGTBifóbica.”**



# **CIRCUÍTO BÁSICO DE ACTUACIÓN ANTE UNHA SITUACIÓN DE VIOLENCIA SEXUAL E/OU LGTBIFÓBICA**

## CALES SON OS PASOS A SEGUIR?

**1**

### DETECCIÓN

Accións e recomendacións iniciais cando presenciámos, sospeitamos ou nos informan dunha situación de violencia sexual ou LGTBifóbica.

**2**

### ATENCIÓN E ACTUACIÓN

Accións e recomendacións para a atención á persoa vítima e para a actuación ante a persoa que exerce a violencia, así como especificacións no caso de que a persoa vítima sexa menor de idade.

**3**

### REXISTRO E SEGUIMENTO

Accións de rexistro, seguimento e colaboración co resto de axentes implicados no círculo básico de actuación.

**1****DETECCIÓN ▶**



Para detectar posibles situacións de violencia sexual e/ou LGTBfóbica nos espazos de ocio nocturno é preciso **poñer en marcha unha serie de estratexias que nos permitan identificar as diferentes formas en que se poden manifestar estas violencias** (actitudes, comportamentos, comentarios, xestos etc.).

## RECOMENDACIÓNS CON CARÁCTER XERAL

- ▶ Observa o que acontece ao teu redor e **presta atención a aquelas situacións de especial vulnerabilidade que poden constituir un risco.**

Por exemplo:

- Cando unha persoa realiza espaventos ou detectas na súa mirada incomodidade ou tensión;
- Cando unha persoa se atopa en estado nervioso e/ou chorando;
- Cando unha persoa ten a roupa manchada, descolocada ou rota;
- Cando unha persoa vai deambulando e está desorientada;
- Cando unha persoa se atopa en estado semi-inconsciente e está rodeada por outras persoas, ou están intentando levala cara outro lugar;
- Cando unha persoa está inconsciente e deitada no chan;
- Cando unha persoa é acurrallada por unha ou máis persoas.

E, tamén, cando hai **aglomeracións de persoas** en determinadas zonas do espazo (baños, corredores estreitos, accesos ao espazo etc.).

**Non todas as persoas teñen a mesma capacidade de reacción, ou mesmo poden non estar percibindo a situación de violencia que se está a exercer sobre elas.**

**NESTES CASOS, ACTÚA!**

- ▶ **É posible que non presencies a situación de violencia sexual e/ou LGTBfóbica**, mais que a persoa vítima ou unha terceira persoa acuda a ti para comunicar o acontecido. **Neste caso:**

- Non cuestiones o seu relato, nin minimices os feitos relatados.
- Non xulgues ou culpabilices a persoa vítima.
- Non xustifiques a persoa que exerce a violencia.
- Evita o uso de expresións, como: “*non pasa nada*”, “*é unha parvada*”, “*non lle fagas caso*”, “*está borracho e non sabe o que fai*” etc.

- ▶ Unha vez sexas consciente dunha situación de violencia sexual e/ou LGTBfóbica, **valora a situación e actúa en consonancia:**

- Valora o nivel de violencia e a súa intensidade.
- Identifica os posibles riscos para a integridade física da persoa vítima, da túa propia e do resto de persoas que se atopan no espazo.
- Se precisas apoio, informa o teu equipo para xestionar a situación e actuar.

## SE A SITUACIÓN QUE DETECTO É AMBIGUA E ME XERA DÚBIDAS?

- ▶ Neste caso, **permanece en alerta**. Fai que se **perciba a túa presenza coa intención de disuadir** a posible situación de violencia e móstrate dispoñible para actuar.

**POR EXEMPLO**, observa, achégate, pasa por diante, informa o persoal de seguridade ou algunha compañeira ou compañeiro do que está a acontecer etc.

### E SE A PERSOA VÍTIMA RESOLVE A SITUACIÓN POR SI MESMA?

- ▶ Non ignores a situación, continúa observando para asegurarte de que a conduta cesa e por se a persoa precisa do teu apoio nalgún momento.



### ALGUNHA OUTRA CUESTIÓN ESPECÍFICA EN RELACIÓN Á DETECCIÓN?

No caso dos establecementos e eventos que aglutinen espectáculos e actividades recreativas abertas ao público en horario nocturno (concertos, festivais, verbenas etc.), ante un fluxo elevado de persoas vai resultar difícil detectar actitudes e comportamentos individuais que poidan constituir violencias sexuais e/ou LGTBifóbicas, polo que é importante ter en consideración certas características e especificidades.

Recoméndase, na medida do posible, **contar con persoal de control de accesos e persoal de vixilancia e seguridade** que, ademais de coordinarse con todo o persoal responsable e traballador do establecemento/evento, conte con formación específica para detectar diferentes situacións de violencia sexual e LGTBifobia, e que o equipo estea formado por mulleres e homes.

Isto facilitará que haxa, por unha banda, profesionais destinados a controlar a entrada e saída do establecemento/evento, respectando as condicións específicas de admisión e o aforo máximo autorizado (**persoal de control de accesos**) e, por outra banda, persoas cualificadas desempeñando un rol activo de vixilancia e funcións de seguridade (**persoal de vixilancia e seguridade**).

Cómpre destacar que o persoal de control de accesos debe informar inmediatamente ao persoal de vixilancia e seguridade, se o houbese, ou no seu defecto, as Forzas e Corpos de Seguridade, das alteracións da orde que se produzan nos accesos ou no interior do establecemento/evento aberto ao público. Así mesmo, o persoal de vixilancia e seguridade está autorizado para reter a aquelas persoas que cometan actos delituosos ou infraccións administrativas, e poñelas de inmediato a disposición das Forzas e Corpos de Seguridade.

### E NO CASO DOS TAXIS?

Como profesional do sector do taxi realizas un servizo cos sentidos postos na condución, polo que **non sempre é doado que percibas o que sucede arredor**, pero hai situacións que podes identificar, por exemplo, cando:

- ▶ Ves unha muller ou grupo de mulleres ás que lles dirixen berros e ruídos obscenos coa finalidade de intimidar;
- ▶ Presencias insultos e berros despectivos cara a unha persoa polo súa aparencia física ou por identificala como parte do colectivo LGTBQA+;
- ▶ Ves unha muller deambulando e desorientada (polo efecto do alcohol ou outras substancias);
- ▶ Unha persoa acode a ti ou sobe ao vehículo en estado de nerviosismo e coméntache unha situación de violencia que acaba de vivir ou presenciar;
- ▶ Alguén sube ao vehículo con outra persoa que se atopa en estado semi-inconsciente e percibes que está aproveitando da situación para tocala ou realizar prácticas con connotación sexual.

En calquera destes supostos, así como noutros que poidan constituir situacións de violencia sexual e/ou LGTBifóbica, a persoa que se atope aos mandos do vehículo con licenza adherida ao Protocolo **deberá proceder tamén seguindo as pautas de actuación que se expoñen a continuación**.

## A MODO DE RESUMO...

### COMO DETECTAR UNHA SITUACIÓN DE VIOLENCIA SEXUAL E/OU LGTBIFÓBICA?

**OBSERVA O QUE ACONTECE AO TEU REDOR** e presta atención a aquelas situacións de especial vulnerabilidade que poden constituir un risco.

**Por exemplo, cando unha persoa...**

- ▶ Realiza espaventos ou detectas na súa mirada incomodidade ou tensión;
- ▶ Se atopa en estado nervioso e/ou chorando;
- ▶ Ten a roupa manchada, descolocada ou rota;
- ▶ Vai deambulando e está desorientada;
- ▶ Se atopa en estado semi-inconsciente e está rodeada por outras persoas, ou están intentando levala cara outro lugar;
- ▶ Está inconsciente e deitada no chan;
- ▶ É acurrallada por unha ou máis persoas.

**LEMBRA PRESTAR ATENCIÓN ÁS ZONAS DE AGLOMERACIÓN DE PERSOAS!**

**É POSIBLE QUE NON PRESENCIAS A SITUACIÓN**, pero que a persoa vítima ou unha terceira persoa acuda a ti para comunicar o acontecido.

**Nestes casos:**

- ▶ Non cuestiones o seu relato, nin minimices os feitos relatados.
- ▶ Non xulgues ou culpabilices a persoa vítima.
- ▶ Non xustifiques a persoa que exerce a violencia.
- ▶ Evita o uso de expresións, como: “non pasa nada”, “é unha parvada”, “non lle fagas caso”, “está borracho e non sabe o que fai” etc.

Unha vez sexas consciente dunha situación de violencia sexual e/ou LGTBifóbica, **VALORA A SITUACIÓN E ACTÚA EN CONSONANCIA:**

- ▶ Valora o nivel de violencia e a súa intensidade.
- ▶ Identifica os posibles riscos para a integridade física da persoa vítima, da túa propia e do resto de persoas que se atopan no espazo.
- ▶ Se precisas apoio, informa ao teu equipo para xestionar a situación e actuar.

#### A SITUACIÓN É AMBIGUA E PODE XERAR DÚBIDAS


**Pasos a seguir:**

- Permanece en alerta.
- Fai que se perciba a túa presenza coa intención de disuadir.
- Amosa a túa disposición para actuar.

#### A PERSOA VÍTIMA RESOLVE A SITUACIÓN POR SI MESMA

**Pasos a seguir:**

- Non ignores a situación.
- Continúa observando e asegúrate de que a conduta cesa e non se repite.
- Permanece en alerta por si é necesaria a túa actuación.



A continuación recóllense as **pautas a seguir nas situacións de violencias sexuais e/ou LGTBifóbicas** que se poden dar nos espazos de ocio nocturno.

## COMO ACTÚO ANTE UNHA SITUACIÓN DE **ELEVADO RISCO** PARA A VIDA OU A SAÚDE DUNHA PERSOA?

Cando detectes **unha situación que entraña un elevado risco para a integridade física da persoa vítima, para a túa propia ou para a do resto de persoas que se atopan no espazo**, a prioridade é actuar de forma inmediata e garantir a seguridade.

### CON CARÁCTER XERAL:

- ▶ **Actúa dende a calma e dialoga dende a asertividade**, co fin de cesar a violencia e non agravar a situación.
- ▶ **Avisa a persoa e/ou equipo responsable do Protocolo**, ao persoal de seguridade (se o houbese) e, de ser necesario, a algún compañeiro ou compañeira para que apoie a actuación, e **nunca deixes soa a persoa vítima**.

Algunhas medidas a adoptar en conxunto, poderían ser: prender as luces, apagar a música, parar o concerto etc.

- ▶ **Atende o antes posible a persoa vítima**, co fin de garantir a súa integridade física e o seu benestar emocional inmediato.
- ▶ **Ofrécelle un espazo tranquilo** no que poida sentirse máis cómoda e segura, afastada da persoa agresora e doutras miradas.

Establecer unha separación física entre a persoa que vive unha situación deste tipo e quen lla provoca é fundamental. Se non hai un espazo dispoñible que garanta esta separación, podes, por exemplo, invitar a persoa vítima a que entre detrás da barra.

- ▶ **Chama ao 112** para poñer en coñecemento o acontecido e solicitar a presenza das Forzas e Corpos de Seguridade. Se precisa atención sanitaria, solicita a presenza dos servizos médicos de urxencia.
- ▶ **Facilita toda a información posible sobre o acontecido ás Forzas e Corpos de Seguridade** (as gravacións das cámaras de seguridade, o teu relato como testemuña, datos que sirvan para identificar a persoa agresora etc.).

### QUE DEBO TER EN CONTA Á HORA DE ATENDER E ACOMPAÑAR A PERSOA VÍTIMA?

- ▶ **Fala con ela dende a calma e transmítelle o teu apoio.** Por exemplo: "Estou aquí para acompañarte, eu son ... e traballo como ... neste espazo".
- ▶ **Interésate polo seu benestar e pregúntalle que necesita.** Por exemplo, "*Como te encontras?*", "*Que necesitas?*" etc.
- ▶ **Escoita o seu relato dende a tranquilidade** cando ela toma a iniciativa de contalo, sen xulgalas e sen facerlle preguntas sobre o acontecido, co fin de evitar a re-vitimización.
- ▶ **Evita poñer en dúbida o seu relato**, non minimices os feitos e evita facer comentarios que poidan interpretarse como unha xustificación da violencia.
- ▶ **Evita eximir de responsabilidade a persoa que exerce a violencia** e amosa a túa desaprobación.
- ▶ **Pregúntalle se veu acompañada de amizades** e, de ser así, se quere que as localicemos (en ningún caso a deixaremos soa). Por exemplo, "*Estás soa? Queres que contactemos con alguén para que te acompañe?*".
- ▶ **Failla saber que a nosa obriga é poñer os feitos en coñecemento do servizo de emerxencias.** Explicálle que isto non implica a presentación dunha denuncia se non quere, pero si que reciba protección e atención profesional especializada.

Aínda que **denunciar os feitos ou recibir asistencia médica** depende da súa vontade, sinala a importancia de facelo, sen presión. Son moitas as emocións que poden xurdir tras a violencia recibida (tristeza, rabia, apatía, sensación de impotencia...). Con todo, a denuncia é unha ferramenta para proporcionarlle protección e, como tal, pode ou non facer uso dela.

Na comisaría, no Xulgado de Garda (ou na Oficina de Asistencia ás Vítimas do Delito) explicaranlle o proceso da denuncia, así como os seus dereitos como denunciante e os recursos dos que dispón. Podes indicarlle que para presentar a denuncia é recomendable que o faga estando acompañada por alguén da súa confianza.

- ▶ **Respecta en todo momento a súa autonomía** e capacidade para tomar as súas propias decisións.
- ▶ **Facítalle o material informativo** do Protocolo sobre os servizos de atención psicosocial, de asistencia sanitaria e de asesoramento xurídico que están á súa disposición.

Aínda que nese momento a persoa vítima **decida non denunciar ou teña dúbidas** de se facelo ou non, é importante que lle facilitemos esta información de forma clara e rigorosa.

- ▶ Cando decida marchar, **comproba que o faga en condicións de seguridade** e procura que sexa acompañada por unha persoa da súa confianza. Así mesmo, podes axudala a contactar con alguén ou chamar a un taxi.

### DE PRECISAR ASISTENCIA MÉDICA, É IMPORTANTE QUE SAIBAS...

▶ O centro sanitario de referencia é o **Complejo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS)**.

▶ No servizo médico faranlle **un parte de lesións que lle servirá como proba** no caso de que decida denunciar.

▶ Cando a violencia exercida ten motivación LGTBifóbica, **é importante que lle indique ao persoal sanitario que foi vítima dunha agresión LGTBifóbica** para que así conste no parte médico.

▶ Se a persoa vítima non quere denunciar, o propio hospital **ten a obriga de informar ás autoridades xudiciais de calquera agresión sexual** (con ou sen o consentimento da vítima), pero iso **non implica o inicio dun procedemento xudicial**, este vai depender sempre do seu consentimento. O xulgado gardará o parte lesións por un tempo por se a persoa vítima decidise denunciar con posterioridade.

### NO CASO OU SOSPEITA DE VIOLACIÓN E/OU SUBMISIÓN QUÍMICA... QUE TEÑO QUE TER EN CONTA?

- ▶ Se rexeita a asistencia médica nese momento, recoméndalle **que acuda ao CHUS o antes posible**.
- Para que se poidan tomar mostras biolóxicas e evitar a destrución de probas e, segundo o caso, para detectar posibles Infeccións de Transmisión Sexual (ITS), **indícalle que non se cambie de roupa, non se lave, non beba nin coma etc.**
- **Evita no posible tocala ou que outras persoas a toquen**, e tamén, cubrila con roupa ou abrigos que non lle pertencen.
- ▶ De ser posible, ata a chegada das Forzas e Corpos de Seguridade, **impide o acceso á zona na que tiveron lugar os feitos**.

### E SE A PERSOA NON SE ATOPA EN CONDICIÓN DE MANTER UNHA CONVERSA?

Se **non está en condicións de manter unha conversa** contigo porque se atopa baixo os efectos do consumo de substancias (alcol e outras drogas), porque está confusa ou en estado de “shock emocional”, pola gravidade das lesións tras sufrir unha agresión física e/ou sexual etc., **nestes casos**:

- ▶ **Chama ao 112** para solicitar a presenza dos servizos médicos de urxencia e das Forzas e Corpos de Seguridade.
- ▶ **Avisa a persoa e/ou equipo responsable do Protocolo**, o persoal de seguridade (se o houbese) e, de ser necesario, algún compañeiro ou compañeira para que te apoie na actuación, e **nunca deixes soa a persoa vítima**.
- ▶ **Procúralle un espazo tranquilo** no que poida sentirse máis cómoda e segura, afastada da persoa agresora e doutras miradas.
- ▶ Indaga se veu acompañada e, **en caso de que se atope soa, informa as Forzas e Corpos de Seguridade** para que se active o protocolo e o servizo de acompañamento profesional.

É recomendable que a persoa vítima **permaneza acompañada** (por unha persoa da súa confianza ou por unha persoa profesional cualificada) **durante o traslado ao centro médico de referencia**.

### COMO ACTÚO ANTE A PERSOA AGRESORA NUNHA SITUACIÓN DE ELEVADO RISCO?

- ▶ **Busca o cese da violencia sen agravar a situación**, gardando a seguridade da persoa vítima, a túa propia e a do resto de persoas que se atopan no espazo.
- ▶ **Fálalle de forma calmada e dende a asertividade**, evitando que o conflito derive nunha nova situación de violencia.
- ▶ **Amósalle a túa desaprobación**, así como a postura de rexeitamento do espazo.

- Se a persoa está alterada, **intenta que desvíe a atención da persoa vítima**. De forma indirecta, intenta recoller información para a súa identificación polas Forzas e Corpos de Seguridade. Por exemplo, preséntate, pregúntalle tamén o seu nome, de onde é, etc.
- Valora se o **nivel de agresividade** permite que a persoa permaneza no espazo para que poida ser identificada polas Forzas e Corpos de Seguridade, ou se é mellor expulsala para garantir a seguridade e integridade física de todas as persoas que se atopan no lugar.

## COMO ACTÚO ANTE UNHA SITUACIÓN QUE NON É TOTALMENTE EXPLÍCITA?

Cando a situación que estamos a observar ou que se nos comunica non é totalmente explícita, **debemos actuar como medida preventiva**:

- ▶ **Mantén o contacto visual coa persoa que pode estar sendo incomodada** e, na medida do posible, continúa observando a situación. Isto facilitará que identifique rapidamente a quen acudir en caso de que o precise.
- ▶ **Achégate a esa persoa e interrompe a situación**. Identifícase co teu nome e como parte do persoal traballador, e pregunta se está todo ben. Aproveita a ocasión para amosar o teu apoio e a túa disposición para actuar, en caso de que o precise.

## SE DETECTO UNHA SITUACIÓN DE POTENCIAL RISCO E/OU UNHA PERSOA EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE... QUE PODO FACER?

A diferenza das situacións con risco explícito para a integridade física ou a saúde, este suposto refírese a cando identificamos unha persoa en **situación de potencial risco ou vulnerabilidade**, sexa porque está afectada polo consumo de alcol ou outras drogas, porque se atopa deambulando e desorientada etc., e **actuamos como medida preventiva**.

- ▶ Se observas, sospeitas ou se te informan de que unha persoa se atopa nunha situación de vulnerabilidade (por exemplo, polos efectos derivados do consumo dalgunha substancia), **achégate a ela e valora a situación**.
- ▶ **Identifícase como persoal traballador do espazo e pregúntalle se necesita algo** ou se a podes axudar.

- ▶ En caso de intoxicación por consumo de alcol e/ou outras drogas, ofrécelle **recursos de redución de riscos** (auga, roupa de abrigo etc.). Tamén lle podes ofrecer **outro espazo** no que poida permanecer o tempo que o precise ata que se recupere.
- ▶ **Pregúntalle se veu acompañada de amizades** e, de ser así, se quere que as localicemos (en ningún caso a deixaremos soa).
- ▶ De ser necesario, **continúa observando a situación**, co fin de garantir o seu benestar e a súa seguridade.
- ▶ Cando decida marchar, **comproba que o faga en condicións de seguridade** e procura que sexa acompañada por unha persoa da súa confianza. Así mesmo, podes axudala a contactar con alguén ou chamar a un taxi.

## COMO ACTÚO CANDO A SITUACIÓN DE VIOLENCIA É EXPLÍCITA?

Ante unha **situación explícita** en que detectamos, por exemplo, insultos, burlas, tocamentos non desexados, achegamentos excesivos, insistencia ante unha negativa etc.

- ▶ **Achégate á persoa vítima** e identifícase co teu nome e como persoal traballador do espazo.
- ▶ **Pregúntalle se a situación lle incomoda** ou se a podemos axudar en algo.
- ▶ **Infórmaa de que o teu achegamento forma parte do Protocolo do espazo** ante este tipo de actitudes e comportamentos machistas.
- ▶ **Amósalle a túa disposición para actuar**, en caso de que o precise.
- ▶ Se o solicita, **chama ao 112** para que acudan as Forzas e Corpos de Seguridade.

## NESTE CASO, SE REXEITA O MEU APOIO... COMO ACTÚO?

- △ **SE A PERSOA VÍTIMA QUERE RESOLVER A SITUACIÓN POR SI MESMA:**
- ▶ **Retírate, mais segue prestando atención e mantendo o contacto visual con ela**, por se cambia de opinión ou por se incrementa a intensidade da violencia.

- ▶ Se o espazo conta con **persoal de seguridade**, infórmao para que tamén permaneza alerta.

#### △ SE A PERSOA VÍTIMA LLE RESTA IMPORTANCIA Á SITUACIÓN...

- ▶ **Respecta a súa decisión**, pero indícalle que se trata dunha actitude e/ou comportamento machista que non é tolerable no espazo.
- ▶ **Indícalle que pode contar co persoal traballador do espazo** para o que necesite.
- ▶ **Se ela cho pide, retírate**, mais continúa prestando atención á situación por se cambia de opinión ou por se incrementa a intensidade da violencia.

Nos dous supostos é importante que teñas en consideración os feitos acontecidos, o tipo de violencia e a capacidade de xestión da persoa vítima, co fin de non re-vitimizala.

Se observas que a violencia se repite ou incrementa a súa intensidade, valora a necesidade de solicitar a presenza das Forzas e Corpos de Seguridade, ou se é suficiente coa expulsión da persoa que exerce a violencia.

#### **E SE A PERSOA VÍTIMA MANIFESTA A SÚA INCOMODIDADE E ACEPTA O MEU APOIO... COMO ACTÚO?**

##### △ ATENDE A PERSOA VÍTIMA:

- ▶ **Garante o seu benestar** e preguntalle que necesita.
- ▶ Se está nerviosa, intranquila ou expresa gravidade na vivencia dos feitos, medo, incomodidade ou malestar, **ofrécelle un espazo no que se poida sentir máis cómoda**, afastada da persoa que exerce a violencia e doutras miradas.
- ▶ **Preguntalle se veu acompañada de amizades** e, de ser así, se quere que as localicemos (en ningún caso a deixaremos soa).

- ▶ Facílitalle o **material informativo** do Protocolo sobre os servizos de atención psicosocial, de asistencia sanitaria e de asesoramento xurídico que están á súa disposición.

- ▶ Se o solicita, **chama ao 112** para que acudan as Forzas e Corpos de Seguridade.

- ▶ Cando decida marchar, **comproba que o faga en condicións de seguridade** e procura que sexa acompañada por unha persoa da súa confianza. Así mesmo, podes axudala a contactar con alguén ou chamar a un taxi.

#### △ ACTÚA ANTE A PERSOA QUE EXERCE A VIOLENCIA:

- ▶ **Actúa de maneira segura**, evitando xerar unha nova situación de violencia.
- ▶ **Solicítalle de forma calmada que cese a súa conduta e amósalle a túa desaprobación.**  
Explícalle que no espazo non se admiten este tipo de actitudes e/ou comportamentos, nin ningunha outra forma de violencia machista.
- ▶ **Solicítalle que se afaste fisicamente da persoa vítima**, co fin de crear un espazo máis seguro para ela e rebaixar a tensión.
- ▶ Faille saber que **se non cesa o seu comportamento, non poderá continuar no espazo** e, de ser necesario, advírtelle con ímpeto que as súas accións serán notificadas as Forzas e Corpos de Seguridade.
- ▶ **Continúa observando** por se non cesa a súa conduta ou se incrementa a intensidade da violencia.  
De darse o caso, valora a necesidade de solicitar a presenza das Forzas e Corpos de Seguridade, ou se é suficiente con expulsala do espazo.

#### **COMO ACTÚO SE A PERSOA QUE EXERCE A VIOLENCIA NON CESA O SEU COMPORTAMENTO OU SE REACCIONA DE FORMA AGRESIVA?**

- ▶ Segundo a situación, **valora se podes adoptar algunha das seguintes medidas**: non servirle outra consumición, invítala a marchar do espazo, vetar a súa entrada ao local por un tempo, informar outros establecementos do acontecido etc.



- ▶ Se reacciona de forma agresiva, **avisa a persoa e/ou equipo responsable do Protocolo**, o persoal de seguridade (se o houbese) e, de ser necesario, algún compañeiro ou compañeira para que apoie a actuación, coa finalidade de cohibir a súa resposta violenta para que non vaia a máis. Así mesmo, podes solicitar que se prendan as luces ou que se apague a música para incrementar o grao de seguridade e facilitar a actuación.
- ▶ Se a situación entraña un risco para a integridade física da persoa vítima, a túa propia ou para calquera das persoas que se atopan no espazo, **chama ao 112 e solicita a presenza das Forzas e Corpos de Seguridade**.

**A túa testemuña sobre os feitos acontecidos, así como o das persoas que estiveron presentes no momento, é fundamental para a elaboración do atestado policial.**

- ▶ Valora se o **nivel de agresividade** permite que a persoa permaneza no espazo para a súa identificación por parte das Forzas e Corpos de Seguridade, ou se é mellor que sexa expulsada, garantindo así a seguridade e a integridade física de todas as persoas.

## COMO ACTÚO CANDO A SITUACIÓN **IMPLICA MENORES DE IDADE?**

Cando detectes unha situación de violencia na que a persoa vítima ou a persoa agresora poidan ser menores de idade:

- ▶ **Chama sempre ao 112** para solicitar a presenza das Forzas e Corpos de Seguridade e, de ser preciso, dos servizos médicos de urxencia.
- ▶ **Informa de que tes a obriga de aplicar o Protocolo do espazo.**
- ▶ Faille saber á persoa vítima que **contactar con estes servizos implica** que reciba protección e atención profesional especializada.
- ▶ Con independencia disto, segue as pautas de actuación recollidas nas anteriores epígrafes, **adaptando a túa actuación ás necesidades e circunstancias da persoa menor de idade.**

## NESTES CASOS, É IMPORTANTE QUE SAIBAS...

Ao tratarse dunha **persoa menor de idade**, unha das principais accións a levar a cabo é **contactar coas súas persoas representantes legais** (pai/nai/titor/a). Desta acción encargaranse as Forzas e Corpos de Seguridade.

Unha vez posto en coñecemento das Forzas e Corpos de Seguridade e/ou dos servizos sanitarios a situación de violencia sexual e/ou LGTBfóbica sobre unha persoa menor de idade, estes **cumprirán coa súa obriga de informar ás autoridades pertinentes**, que poderían actuar de oficio.

## COMO APLICO ESTAS PAUTAS NOUTROS ESPAZOS DE OCIO NOCTURNO DIFERENTES DOS ESTABLECEMENTOS?

En grandes eventos festivos (concertos, verbenas, festivais etc.) as pautas de atención ás persoas vítimas dunha situación de violencia deben ser **as mesmas que se establecen cando a violencia ten lugar nun establecemento**. Neste caso, a diferenza márcana os recursos especializados cos que se conte na organización do evento.

En caso de contar con **Puntos Violetas**, a responsabilidade de actuación vai depender das persoas que prestan atención nestes espazos.

Ao detectar calquera situación de violencia sexual ou LGTBfóbica, con **carácter xeral**:

- ▶ **Avisa a persoa e/ou equipo responsable do Protocolo**, o persoal de seguridade (se o houbese) e, de ser necesario, algún compañeiro ou compañeira para que apoie a actuación, e **nunca deixes soa a persoa vítima.**
- ▶ Se a persoa pode desprazarse por si mesma **acompañaa ata o Punto Violeta.**
- ▶ Se non pode desprazarse, **queda con ela ata que chegue algunha das persoas responsables** para garantir a súa integridade física e o seu benestar emocional inmediato.



### E NOS TAXIS?

No sector do taxi, **a actuación tamén debe ser a mesma** que a realizada por calquera dos outros axentes do ocio nocturno, **coa excepción das situacións que teñan lugar no interior do propio vehículo.**

Neste caso, resulta complexo establecer unha distancia física entre a persoa vítima e quen exerce a violencia. Por isto, con carácter xeral:

- ▶ **Valora o potencial perigo da situación** e intentar sacar a persoa agresora do vehículo, sen agravar a situación e salvagardando a seguridade da persoa vítima e a túa propia.
- ▶ Ante unha situación de perigo, a persoa condutora debe **contactar o antes posible co 112 ou coas Forzas e Corpos de Seguridade** para solicitar a súa intervención no marco deste Protocolo.
- ▶ No caso de producirse unha situación na que a persoa vítima requira de atención médica de urxencia **debe dirixirse directamente ao centro sanitario de referencia (CHUS).**

### FERRAMENTAS DE UTILIDADE PARA O SECTOR DO TAXI...

Implementar **solucións tecnolóxicas de intercomunicación** que contan cun “botón do pánico”; en caso de ser pulsado envía un aviso á centraliña do servizo para localizar a situación do vehículo e coñecer o que está sucedendo a bordo, de xeito que a persoa da central fai o aviso aos servizos de emerxencias no caso de que a condutora non puidese facelo.

Establecer un código “secreto” que, **ao ser nomeado, active a situación de alerta sen levantar sospeitas.** Este código pode ser empregado para que a persoa ao mando do vehículo poña en coñecemento da centraliña (ou dos servizos de emerxencias) que se atopa ante unha situación de violencia sexual ou LGTBifóbica e dende alí se artelle a asistencia que poida precisar.

### DESPOIS DA ACTUACIÓN...

Tras a actuación ante unha situación de violencia sexual e/ ou LGTBifóbica pode que **os feitos transcendan á prensa** e esta contacte co espazo de ocio nocturno no que aconteceu a violencia.

Para evitar a difusión de información que poida afectar a unha posible investigación xudicial ou xerar alarma social, **é recomendable que os axentes de ocio nocturno adheridos ao presente Protocolo non faciliten información sobre o acontecido a través de ningunha vía** (declaracións á prensa, comunicacións a través de redes sociais ou outros medios etc.).

Así mesmo, en caso de recibir unha solicitude por parte de xornalistas ou de calquera persoa que non forme parte dos axentes institucionais implicados na abordaxe destas formas de violencia, **é importante que se rexeite esta petición** e lle sexa remitida ás Forzas e Corpos de Seguridade, como responsables da investigación.

É a nosa responsabilidade legal **salvagardar a identidade da persoa vítima e evitar a difusión de calquera dato referido á persoa que exerceu a violencia.** Esta última manterá o status de presunción de inocencia ata que, após da realización dun xuízo, se ditamine unha sentenza.

## A MODO DE RESUMO...

### COMO ACTUAR ANTE UNHA SITUACIÓN DE VIOLENCIA SEXUAL E/OU LGTBIFÓBICA?

**SEMPRE QUE A PERSOA VÍTIMA SEXA MENOR DE IDADE...  
CHAMA AO 112**

- A prioridade é **protexer e atender** a persoa vítima.
- Garante a túa **seguridade**, a da vítima e a de todas as persoas.
- Respecta a **capacidade de decisión e autonomía** da persoa vítima.
- Mantén unha **actitude de rexeitamento** cara estas violencias.
- Proporciona unha **resposta inmediata e coordinada**.
- Garda a **intimidade e confidencialidade**.

VALORA A SITUACIÓN PARA ACTUAR EN CONSONANCIA FACÉNDOTE A SEGUINTE PREGUNTA...

**SI**

A SITUACIÓN ENTRAÑA **ALGÚN TIPO DE RISCO PARA A INTEGRIDADE FÍSICA DA PERSOA VÍTIMA?**

**NON**

#### Atención a persoa vítima:

- Fala con ela dende a calma e transmitelle o teu apoio.
- Avisa a persoa e/ou equipo responsable do Protocolo.
- Atende de inmediato a persoa vítima e interésate polo seu benestar.
- Ofrecelle un espazo cómodo e seguro.
- escoita o seu relato, sen xulgar nin poñer en dúbida.
- Acompaña a persoa vítima e non a deixes soa.
- Facilitalle o material informativo do Protocolo.

#### Actuación ante a persoa agresora:

- Busca o cese da violencia sen agravar a situación.
- Garda a túa seguridade, a da vítima e a do resto de persoas.
- Fálalle de forma calmada e dende a asertividade.
- Amósalle a túa desaprobación e evita eximir de responsabilidade.

A situación **NON** é **TOTALMENTE EXPLÍCITA** (cando valoras que é importante actuar como medida preventiva)

#### Posibles accións:

- Mantén o **contacto visual**.
- **Observa a situación** máis de preto e faite ver.
- Achégate e **interrompe a situación** preguntando se está todo ben.
- Amosa a túa **disposición para actuar**.

A situación **É EXPLÍCITA** (cando observas ou che comunican insultos, burlas, tocamentos non desexados, achegamentos excesivos, insistencia ante unha negativa etc.)

#### Primeiros pasos a seguir:

- Achégate a persoa vítima, e preguntalle se a situación a incomoda ou se a podes axudar.
- Amosa a túa **disposición para actuar**.

Unha persoa está nunha **SITUACIÓN DE POTENCIAL RISCO** e/ou vulnerabilidade (cando identificas a unha persoa en situación de potencial risco ou vulnerabilidade, porque está afectada polo consumo de substancias, porque se atopa deambulando e desorientada etc., e actúas como medida preventiva)

#### Atención a persoa en situación de potencial risco:

- Achégate e **amosa interese** polo seu estado e as súas necesidades.
- Ofrecelle **recursos de redución de riscos** e un **espazo seguro** para recuperarse.
- Localiza a **alguén da súa confianza** para que a acompañe.
- De ser necesario, **continúa observando**.

#### CHAMA AO 112

(solicita a presenza policial e dos servizos médicos de urxencia)

#### Cando a persoa vítima **NON** está en condicións de manter unha conversa

(porque está baixo os efectos de substancias, por "shock emocional", pola gravidade das lesións,...)

#### Respecto á actuación ante a persoa que exerce a violencia...

- Valora se podes adoptar algunha das seguintes medidas: non servirle outra consumición, invítala a marchar do espazo, vetar a súa entrada ao local por un tempo, informar a outros establecementos do acontecido etc.
- Avisa a persoa e/ou equipo responsable do Protocolo, e ao persoal de seguridade (se o houberse), para que apoién a actuación.
- Podes solicitar **que se prendan as luces e se apague a música** para facilitar a actuación.
- Valora se o **nivel de agresividade** permite que a persoa permaneza no espazo para a súa identificación por parte das Forzas e Corpos de Seguridade, ou se é mellor que sexa expulsada para garantir a seguridade.

#### A persoa vítima rexeita o teu apoio


- **Respecta** a súa decisión.
- Faille saber que **pode contar co local** se o necesita e retírate.
- Permanece **alerta** por si é preciso actuar.

#### A persoa vítima acepta o teu apoio

- ▶ **Actúa ante a persoa que exerce a violencia:**
  - Amosa a túa desaprobación.
  - Solicítalle de forma calmada que cese a violencia.
  - Pídelle que se afaste da persoa vítima.
  - Faille saber das consecuencias se non cesa o seu comportamento.
  - Continúa observando.
- ▶ **Atende a persoa vítima:**
  - Garante o seu benestar e atende ás súas necesidades.
  - Ofrecelle un espazo cómodo e seguro.
  - Acompaña e non a deixes soa.
  - Facilitalle o material informativo do Protocolo.

**CHAMA AO 112**  
(se a persoa vítima o solicita)

Se **NON** cesa a súa conduta ou se reacciona de forma **AGRESIVA**  
**CHAMA AO 112**



# 3

## REGISTRO E SEGUIMIENTO

É importante que se rexistren as situacións de violencia sexual e LGTBifóbica que se detectan no propio espazo de ocio nocturno. Isto constitúe unha fonte de información que pode axudarnos a previr estas situacións, así como a mellorar e adecuar as futuras actuacións.

A continuación, recóllense un conxunto de accións que se poden levar a cabo, tendo en conta as particularidades de cada caso e as condicións de cada espazo de ocio nocturno:

- ▶ **Rexistrar os incidentes nunha folla de seguimento interna** (no apartado de Anexos recóllese un modelo de folla de seguimento). Nela podemos recoller o tipo de violencia, a forma de detección, unha descrición dos feitos, así como a actuación realizada por parte do persoal traballador e o seu desenlace.  
Á hora de facer este rexistro, é fundamental preservar o anonimato da persoa vítima, así como da persoa agresora, o que significa que **non debe constar ningún dato persoal delas**.
- ▶ **Comunicar o acontecido** ao conxunto do persoal traballador do espazo etc.
- ▶ Debater internamente sobre a **actuación realizada** e sobre posibles **aspectos de mellora**.
- ▶ **Informar do acontecido as Forzas e Corpos de Seguridade** para que teñan constancia dos feitos.

## A MODO DE RESUMO...

Como fago o **REXISTRO** e **SEGUIMENTO** das situacións de violencia sexual e/ou LGTBIfóbica que detecto no meu espazo de ocio nocturno?

ALGUNHAS DAS ACCIÓNS A LEVAR A CABO PODEN SER...

- **REXISTRAR AS SITUACIÓNS** nas follas de seguimento internas.
- **COMUNICAR O ACONTECIDO** ao conxunto do persoal traballador do espazo.
- **DEBATER INTERNAMENTE** sobre a actuación realizada e sobre posibles aspectos de mellora.
- **INFORMAR DO ACONTECIDO** as Forzas e Corpos de Seguridade.



# MAPA DE RECURSOS E SERVICIOS DE ATENCIÓN ESPECIALIZADOS

## SERVIZOS DE INFORMACIÓN XERAL E ATENCIÓN ESPECIALIZADA

- ▶ Teléfono de Atención a Todas as Formas de Violencia contra as Mulleres  
016 / 600 000 016 (WhatsApp)  
016-online@igualdad.gob.es / Chat Online 016
- ▶ Teléfono de Información e Atención Integral en Materia de Dereitos LGTBI e Delitos de Odio por LGTBIfobia  
028 (Servizo Arcoíris)  
028-online@igualdad.gob.es / Chat Online 028
- ▶ Liña Arcoíris FELGTBI+  
913 604 605 / 676 78 58 30 (WhatsApp)
- ▶ Servizo de Información e Atención Telefónica sobre os Dereitos das Mulleres  
900 191 010
- ▶ Teléfono da Muller en Galicia  
900 400 273
- ▶ Centro de Información ás Mulleres do Concello de Santiago de Compostela (CIM)  
981 542 465
- ▶ Asesoramento Xurídico Online  
<http://igualdade.xunta.gal/gl/content/asesoramento-xuridico-line>
- ▶ Oficina de Asistencia á Vítima e Atención á Cidadanía  
981 540 358 (presente no Xulgado)
- ▶ Teléfono de Atención contra a Discriminación Racial ou Étnica — 021

## SERVIZOS DE EMERXENCIA E URXENCIA

- ▶ Emerxencias — 112
- ▶ Policía Nacional — 091
- ▶ Policía Local — 092
- ▶ Urxencias Sanitarias — 061
- ▶ Garda Civil — 062
- ▶ Teléfono contra a Trata con Fins de Explotación Sexual — 900 105 090

## SERVIZOS DE INFORMACIÓN, ATENCIÓN E INVESTIGACIÓN

- ▶ Unidade de Atención á Familia e Muller (UFAM) — 981 551 127

## APP'S

- ▶ AlertCop — APP da Policía e Garda Civil
- ▶ EscAPP
- ▶ AgresiónsOFF
- ▶ BildTEC Xunta



**COMPROMISOS  
A ASUMIR**



No presente Protocolo, ademais de incluírse un conxunto de ferramentas coas que dar resposta ás violencias sexuais e LGTBfóbicas que poidan darse no contexto de ocio nocturno da cidade, **establécense unha serie de compromisos para garantir a súa aplicación e avanzar no alcance dos obxectivos previstos.**

## AXENTES DE OCIO NOCTURNO

Por unha banda, os axentes de ocio nocturno que decidan adherirse ao Protocolo, -cuxa formalización deberá realizarse a través das canles establecidas para tal fin-, terán que asumir unha serie de compromisos.

### OS AXENTES DE OCIO NOCTURNO AO ADHERIRSE, COMPROMÉTENSE A...

- ▶ **Formarse e formar o persoal traballador** en materia de violencias sexuais e LGTBfóbicas en espazos de ocio nocturno do Concello de Santiago de Compostela.
- ▶ Incorporar as pautas expostas no circuíto básico de actuación ante unha situación de violencia sexual e/ou LGTBfóbica nos **procesos de formación internos e de acollida do novo persoal traballador.**
- ▶ Atender as **recomendacións e outras ferramentas** recollidas no Protocolo que poden contribuir a mellorar a súa eficiencia, facendo fincapé en:
  - Identificar aquelas **zonas que poden constituír un maior risco** e implementar as medidas de prevención oportunas e acordadas ao espazo, co fin de previr posibles situacións de violencia sexual e/ou LGTBfóbica.
  - Velar polo uso dunha **publicidade non sexista**, na que se teña en conta a diversidade, e os principios de: respecto, non discriminación e protección da liberdade das mulleres e das persoas que forman parte do colectivo LGTBQA+.
- ▶ Aplicar as **pautas do circuíto básico de atención e actuación** do Protocolo dirixidas á detección, atención e actuación, rexistro e seguimento das situacións de violencia sexual e/ou LGTBfóbica.
- ▶ **Colaborar de forma proactiva cos diferentes axentes chave** implicados na abordaxe das violencias sexuais e LGTBfóbicas, facilitando información rigorosa e veraz.
- ▶ Garantir **o bo trato, a protección e o benestar** das persoas sobre as que se exerce violencia sexual e/ou LGTBfóbica.
- ▶ Garantir a **protección da intimidade e a dignidade das persoas, así como os datos de carácter persoal** (entre eles, a imaxe) de todas as persoas vítimas.
- ▶ En virtude da presunción de inocencia, **tampouco se revelarán datos persoais da presunta persoa agresora** (salvo que así se solicite expresamente polas Forzas e Corpos de Seguridade, por exemplo, para localizala a través dunha fotografía ou outros datos identificativos). É dicir, gardarase a confidencialidade sobre todos os feitos dos que se fose testemuña ou parte implicada, agás a petición das persoas responsables da investigación, en aras de non interferir no posible proceso xudicial.
- ▶ **Visibilizar o compromiso coa “tolerancia cero”** cara a estas formas de violencia machista, mediante:
  - O emprego do **material divulgativo** do Protocolo dirixido á prevención e sensibilización (distintivo para visibilizar adhesión ao Protocolo, adhesivos para os baños, díptico de recursos e servizos especializados etc.);
  - A colaboración na difusión de **campañas de información e sensibilización** sobre as violencias sexuais e LGTBfóbicas promovidas dende as diferentes administracións públicas.



## CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por outra banda, o Concello de Santiago de Compostela, a través da Área de Igualdade, asume os seguintes compromisos:

- ▶ Facilitar a **formación aos axentes de ocio nocturno adheridos** sobre o Protocolo para a abordaxe das violencias sexuais e LGTBifóbicas en espazos de ocio nocturno do Concello de Santiago de Compostela.
- ▶ Difundir e proporcionar información sobre o **procedemento e trámites para a adhesión**, e os compromisos a asumir.
- ▶ **Xestionar unha BB.DD. co rexistro de adhesións.**
- ▶ **Rexistrar e codificar as follas de seguimento das actuacións** realizadas e remitidas polos axentes de ocio nocturno, así como a súa posta en coñecemento ás Forzas e Corpos de Seguridade.
- ▶ Realizar o **seguimento e avaliación da implementación do Protocolo**, convocando para tal fin aos axentes de ámbito institucional e empresarial con carácter semestral.
- ▶ **Supervisar que os axentes de ocio nocturno cumpran cos compromisos** que son asumidos coa adhesión ao Protocolo.
- ▶ Facilitar os **materiais divulgativos e informativos** aos axentes de ocio nocturno adheridos.
- ▶ Deseñar **campañas de sensibilización específicas.**
- ▶ **Dar difusión á existencia do Protocolo** a través de diferentes canles de comunicación e materiais informativos e de promoción turística da cidade.
- ▶ **Visibilizar os axentes de ocio nocturno adheridos.**



# PROCEDIMIENTO DE ADHESIÓN

Os axentes de ocio nocturno que desexen sumarse ao presente Protocolo, terán que seguir os seguintes pasos para formalizar a súa adhesión.

## 1 — REALIZAR A SOLICITUDE DE ADHESIÓN.

Esta poderá ser **solicitada polos seguintes axentes de ocio nocturno:**

- ▶ Persoa e/ou entidade titular do establecemento de ocio nocturno;
- ▶ Persoa e/ou entidade que solicite unha licenza e/ou permiso para a celebración de calquera evento festivo e/ou recreativo en horario nocturno;
- ▶ Persoa titular da licenza de taxi;
- ▶ Asociacións profesionais que representan os intereses dalgún sector ou actividade profesional vencellada ao ámbito do ocio nocturno;
- ▶ Outras entidades e organismos públicos ou privados que participan, promovendo ou proveendo un servizo, en actividades de ocio nocturno no municipio.

A **solicitud realizase cubrindo o modelo de solicitude de adhesión** (recollido no apartado de Anexos), dispoñible para a súa descarga na sección de trámites na Sede Electrónica do Concello de Santiago de Compostela.

## 2 — CUMPRIR COS REQUISITOS PARA FORMALIZAR A ADHESIÓN.

Recibida a solicitude de adhesión ao Protocolo, a Área de Igualdade do Concello informará sobre como acceder á **acción formativa inicial** sobre o Protocolo para a abordaxe das violencias sexuais e LGTBifóbicas en espazos de ocio nocturno.

Segundo o tipo de axente de ocio nocturno, indicará tamén o número de persoas traballadoras e perfís profesionais que se recomenda que participen na acción.

A acción formativa inicial **constitúe un requisito imprescindible** para a formalización da adhesión. Esta estará dispoñible en modalidade presencial e/ou online (asíncrona, en formato vídeo, moi visual e dinámica, e de fácil seguimento).

## 3 — ASINAR UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE.

Unha vez realizada acción formativa, cada axente de ocio nocturno **asinará e remitirá a Área de Igualdade unha Declaración Responsable** conforme asume os compromisos de adhesión ao Protocolo.

## 4 — CONFIRMACIÓN FORMAL DA ADHESIÓN.

Verificada e aceptada a documentación remitida, **emitirase unha comunicación afirmativa e farase entrega dos materiais do Protocolo** (breve guía para a súa aplicación, distintivo de adhesión, adhesivos para os baños, material divulgativo etc.).

